



Concello de Cerceda.



Club: Atlético A Silva.



Federación Galega de Atletismo.

IX CARREIRA POPULAR PEDESTRE -A SILVA 2013-

¡PERCORRIDO DE 10 KM!

O clube ATLÉTICA A SILVA, xunto co CONCELLO DE CERCEDA, organizan o domingo 28 de abril, de 11 a 13:40 horas, a IXª Carreira Popular Pedestre “A Silva 2013” con saída e chegada no campo da feira de A Silva (a 9 km de Cerceda e a 17 km de Órdes), discorrendo toda por terreo asfaltado.

REGULAMENTO DA PROBA

1. PARTICIPACIÓN

Poderán participar atletas federados e non federados.

2. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN (feminina e masculina)

- *CHUPETE: nados no 2008 e posteriores
- *PITUFO: nados no 2007-2006
- BENXAMÍN: nados no 2005-2004
- ALEVÍN: nados no 2003-2002
- INFANTIL: nados no 2001-2000
- CADETE: nados no 99-98
- XUVENIL: nados no 97-96
- JUNIOR: nados no 95-94
- PROMESA: nados no 91-92-93
- SENIOR: nados no ano 1990 e anteriores, ata veteran.
- VETERANS: a partir de 35 anos e agrupados de 5 en 5 anos.
- DISCAPACITADOS: (correrán na categoría que lle corresponda por idade).
- AFECCIONADOS: nados no 1994 e anteriores (nesta categoría so poderán participar atletas non federados).

*As categorías CHUPETE e PITUFO non son categorías federativas.

3. HORARIOS e DISTANCIAS

11:00 h CHUPETE (100 metros)

11:10 h PITUFO (300 metros)

11:20 h BENXAMÍN (800 metros). 2 voltas ao campo da feira.

11:30 h ALEVÍN (1200 metros). 3 voltas ao campo da feira.

11:45 h INFANTIL (1800 metros). 1 volta ao circuito mediano.

12:10 h. CADETE – XUVENIL – AFECCIONADOS (2200 metros).

1 volta campo da feira (400 m) + 1 volta ao circuito grande (1800 m).

12:40 h ABSOLUTA - SENIOR-JUNIOR-PROMESA.-VETERANS (10.000 metros).

1 volta ao circuito grande.

12:45 h ENTREGA PREMIOS CATEGORÍAS MENORES.

13:40 h. ENTREGA DE TROFEOS RESTO CATEGORÍAS.

4. INSCRIPCIONS CARREIRA

A inscrición fárase a través da páxina da Federación Galega de Atletismo (www.atletismogalego.org) debendo cubrir o formulario de inscrición.

PREZOS DE INSCRICIÓN

CARREIRAS CATEGORÍAS MENORES DENDE PITUFOS A CADETE INCLUSIVE:

*Prezo ata o Martes 23 de ABRIL = GRATUITA

*Prezo mércores 24 e xoves 25 de ABRIL = 3 €

CARREIRA ABSOLUTA e XUVENIL/AFECCIONADOS:

*Prezo ata o Martes 23 de ABRIL = 4 €

*Prezo mércores 24 e xoves 25 de ABRIL = 7 €

¡Non se admitirán inscricións despois do xoves 25 de ABRIL!

Deberán indicar os seguintes datos: *nome e apelidos, data de nacemento completa, sexo, DNI-NIF, club, dirección, localidade e teléfono.*

5. PREMIOS e OBSEQUIOS

Os trofeos non serán acumulativos. Se entregará:

- **Trofeo** aos 3 primeiros homes e mulleres, da carreira **ABSOLUTA**.
- **Trofeo** aos 3 primeiros de cada categoría e sexo.
- **Camiseta** conmemorativa (debuxo orixinal concurso escolar 2013) aos 400 primeiros que cheguen a meta.
- **Trofeo** ao mellor atleta **local** de cada categoría (sempre e cando non estea entre os 3 primeiros da súa categoría).
- **Trofeo** ao atleta de maior idade, tanto feminino como masculino.
- **Bebidas e froita** e demais agasallos (**chocolatada ou limonada**, en función do tempo), ao término de cada proba.
- Obsequio especial aos primeiros atletas masculino e feminino da carreira Absoluta e mellor clasificado local, tamén da absoluta.

6. SAÍDA – META

Campo da feira de A Silva.

7. DORSAIS

A tódolos participantes facilitaráselle dorsal correspondente a súa categoría, colocandoo no seu peito de forma visible para a súa identificación durante a proba e a chegada. O feito de non levalo dará lugar á descalificación do corredor. A RECOLLIDA do dorsal farase o mesmo día 28 de abril, dende 1 h antes do comezo de cada proba ata media hora antes de cada categoría.

8. CHIP

Os atletas, dende cadete, estarán ademais, identificados a través dun chip. Este chip estará situado na parte posterior do dorsal e é importante que non se manipule nin se despenguen de este.

9. CONTROIS

O longo do percorrido, a organización establecerá controis que estimen oportunos, os cales poderán ser descalificantes para o que cometa algunha irregularidade.

10. AVITUALLAMIENTO

Entregaráse auga no km 5 da carreira absoluta.

11. Dado o carácter estritamente popular, festivo e deportivo desta proba, a organización agarda de tódolos participantes o mellor espírito deportivo.

12. Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

13. ANEXO: Percorridos









